

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

17421 REAL DECRETO 838/2002, do 2 de agosto, polo que se establecen os requisitos de eficiencia enerxética dos balastros de lámpadas fluorescentes. («BOE» 212, do 4-9-2002.)

O Consello e o Parlamento Europeo aprobaron a Directiva 2000/55/CE, do 18 de setembro, relativa ós requisitos de eficiencia enerxética dos balastros de lámpadas fluorescentes.

O obxectivo desta directiva é conseguir un aforro de enerxía economicamente rendible na iluminación con lámpadas fluorescentes, mediante a fixación de requisitos mínimos de eficiencia enerxética, que non se conseguiría con medidas diferentes. A directiva cobre soamente os balastros producidos recentemente e comercializados no mercado da Unión Europea, que consomen gran cantidade de enerxía e presentan un potencial considerable de aforro enerxético.

En cumprimento das obrigas derivadas do Tratado de Adhesión de España ás Comunidades Europeas, e de acordo co disposto nos artigos 8 e 10 da citada directiva, esta deberá incorporarse á lexislación nacional.

O real decreto foi sometido ó trámite de audiencia, de acordo co disposto no artigo 24, punto 1, alínea c), da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno.

Esta disposición foi sometida ó procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos ós servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE, do 20 de xullo, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora estas directivas ó ordenamento xurídico español.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Economía e de Ciencia e Tecnoloxía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de agosto de 2002,

DISPÕÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer os niveis máximos da potencia de entrada dos circuitos balastro-lámpada, en función da categoría do balastro e da potencia da lámpada, de conformidade co disposto na Directiva do Parlamento Europeo e do Consello 2000/55/CE, do 18 de setembro, relativa ós requisitos de eficiencia enerxética dos balastros das lámpadas fluorescentes, que agora se transpón.

Só poderán comercializarse no mercado español balastros dos que a potencia eléctrica demandada sexa inferior ou igual á potencia máxima de entrada, que se fixa nos anexos III e IV deste real decreto.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto aplicarase ós balastros das fontes de iluminación fluorescentes alimentados a través da rede eléctrica, tal e como se definen na Norma Europea UN-EN 50294, do 31 de decembro de 1998, punto 3.4.

2. Estarán excluídos da aplicación deste real decreto as seguintes clases de balastros:

- Os integrados en lámpadas.
- Os que, estando destinados especificamente a luminarias que deben instalarse en mobles, constitúen unha parte non substituíble da luminaria que non pode someterse a ensaio independentemente desta, conforme a Norma Europea UN-EN 60920, cláusula 2.1.3.
- Os destinados á exportación fóra da Comunidade Europea, xa sexa como pezas separadas ou como partes dunha luminaria.

3. Os balastros clasificaranse en categorías, conforme o disposto no anexo I deste real decreto.

Artigo 3. *Fases de aplicación.*

O establecemento dos niveis máximos da potencia de entrada a que se fai referencia no artigo 1 deste real decreto terá lugar en dúas fases.

A primeira delas durará desde a entrada en vigor deste real decreto ata o 20 de novembro de 2002. Durante esta primeira fase só poderán comercializarse os balastros, xa sexa como pezas separadas ou como parte dunha luminaria, se a súa potencia eléctrica demandada é inferior á potencia máxima de entrada dos circuitos balastro-lámpada fixada no anexo III para cada categoría de balastro.

Finalizada a primeira fase iniciarase a segunda fase, sen solución de continuidade, na que poderán comercializarse os balastros, xa sexa como pezas separadas ou como parte dunha luminaria, se a súa potencia eléctrica demandada é inferior á potencia máxima de entrada dos circuitos balastro-lámpada establecida no anexo IV para cada categoría de balastro.

Artigo 4. *Marca «CE» de conformidade.*

1. Cando se comercialicen no mercado español balastros, xa sexa en forma de peza individual ou como parte dunha luminaria, os balastros deberán leva-la marca «CE» de conformidade, que acredita que estes foron sometidos ó procedemento de avaliación da conformidade que se establece no artigo 5 e cumpren coas demais disposicións deste real decreto.

2. Cando se comercialicen no mercado español balastros como pezas individuais, a marca «CE» deberá colocarse de maneira visible e indeleble nos propios balastros e na súa embalaxe. Cando se comercialicen no mercado español balastros como parte dunha luminaria, a marca «CE» colocarase, tamén, nas citadas luminarias e na súa embalaxe.

s
Artigo 5. *Procedemento de avaliación da conformidade.*

1. O fabricante de balastros, ou os seus representantes autorizados na Unión Europea, son responsables de determina-lo consumo de electricidade de tódolos balastros que se comercialicen no mercado español. A dita determinación realizarase de acordo cos procedementos especificados na Norma Europea UN EN 50294, do 31 de decembro de 1998, e no anexo II deste real decreto.

2. O fabricante de balastros, ou os seus representantes autorizados na Unión Europea, estamparán a marca «CE» en cada unidade que se comercialice e estenderán unha declaración escrita de conformidade co disposto neste real decreto.

3. O fabricante de balastros elaborará a documentación técnica necesaria que permita coñecer a conformidade do produto coas esixencias deste real decreto. A dita documentación estará redactada, polo menos, en castelán e deberá conter, como mínimo, os seguintes datos e documentos:

- a) Nome e enderezo do fabricante.
- b) Unha descrición xeral do modelo, suficiente para que poida ser identificado inequivocamente.
- c) Información das principais características do modelo, e en particular dos aspectos que afecten apreciablemente ó consumo de electricidade. Xuntaranse, cando sexa necesario, planos ou esquemas aclaratorios.
- d) As instrucións de uso.
- e) Os resultados da medición do consumo de electricidade determinados de conformidade co punto 1 deste artigo.
- f) A declaración de conformidade a que fai referencia o punto 2 deste artigo.

4. A citada documentación deberá ser conservada durante, polo menos, tres anos a partir da última data de fabricación do produto, polo fabricante de balastros, ou os seus representantes autorizados na Unión Europea, á disposición dos órganos competentes de inspección.

Cando nin o fabricante nin os seus representantes autorizados residan na Unión Europea, a obriga de conservar a documentación técnica recaerá no distribuidor dos balastros no mercado español.

5. O fabricante, ou os seus representantes autorizados na Unión Europea, conservarán unha copia da declaración de conformidade xunto coa documentación técnica a que fan referencia os puntos 2 e 3 deste artigo.

6. O fabricante adoptará tódalas medidas necesarias para que no proceso de fabricación se garanta a conformidade dos balastros coa documentación técnica a que se refire o punto 3 deste artigo e demais disposicións deste real decreto.

Artigo 6. *Comercialización dos balastros no mercado español.*

1. Non se poderá prohibir, restrinxir nin obstaculizar a comercialización no mercado español dos balastros, xa sexa como pezas separadas ou como parte dunha luminaria, que leven a marca «CE».

2. As autoridades competentes, estatais ou autonómicas, suporán conformes coas disposicións deste real decreto os balastros que leven a marca «CE» a que fai referencia o artigo 4 deste real decreto, salvo proba en contrario.

3. Cando o órgano competente da Comunidade Autónoma comprobe que se colocou indebidamente a marca «CE» nun balastro, recaerá no fabricante, ou nos seus representantes autorizados na Unión Europea a obriga de restablecer a conformidade do balastro, no que

se refire á marca CE e de por fin a tal infracción nas condicións que os ditos órganos competentes das comunidades autónomas dispoñan de conformidade coa lexislación vixente.

Cando nin o fabricante nin os seus representantes autorizados residan na Unión Europea, requirirase o distribuidor para que cumpra a obriga establecida no parágrafo anterior.

4. En caso de non conformidade do balastro co disposto neste real decreto, o órgano competente da Comunidade Autónoma adoptará, conforme o punto 5 seguinte, tódalas medidas necesarias para prohibir a comercialización do balastro de que se trate.

5. Calquera medida tomada polo órgano competente da Comunidade Autónoma en aplicación deste real decreto, que prohiba a comercialización dun balastro, xa sexa en forma de pezas individuais ou como parte dunha luminaria, deberá indicar con precisión os motivos en que se basea.

A dita medida será notificada sen demora á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Economía e ó fabricante, ós seus representantes autorizados na Unión Europea ou ó distribuidor dos balastros no mercado español, informándoos, ó mesmo tempo, dos recursos e dos prazos de interposición deles existentes na citada comunidade autónoma competente, conforme a lexislación vixente.

6. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas informará inmediatamente a Comisión Europea da medida adoptada, expondo os motivos da decisión. A Comisión Europea comunicará esta información ós demais estados membros.

Disposición adicional única. *Comunicación á Comisión Europea.*

O Ministerio de Economía comunicarlle á Comisión Europea o texto das medidas de dereito nacional que se adopten no ámbito regulado por este real decreto.

Disposición transitoria única. *Comercialización de balastros.*

Durante o período de seis meses posterior á entrada en vigor deste real decreto, permitirase a comercialización no mercado español dos balastros, xa sexa como pezas separadas ou como partes dunha luminaria, que cumpran as condicións aplicables no seu país de orixe na data de entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro da competencia atribuída ó Estado polo artigo 149.1.25.^a da Constitución española sobre bases do réxime mineiro e enerxético.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Facúltanse os ministros de Economía e Ciencia e Tecnoloxía para actualizar os anexos co fin de os adaptar ó progreso técnico e á normativa europea.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 2 de agosto de 2002.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,
MARIANO RAJOY BREY

ANEXO I

Categorías de balastos

Categoría	Descrición
1	Balastro para lámpada tubular.
2	Balastro para lámpada compacta de 2 tubos.
3	Balastro para lámpada compacta plana de 4 tubos.
4	Balastro para lámpada compacta de 4 tubos.
5	Balastro para lámpada compacta de 6 tubos.
6	Balastro para lámpada compacta de tipo 2 D.

ANEXO II

Procedementos de cálculo da potencia máxima de entrada dos circuitos balastro-lámpada para un tipo determinado de balastro

O rendemento enerxético dun circuito balastro-lámpada está determinado pola potencia máxima de entrada do circuito. Esta última está en función da potencia da lámpada e do tipo de balastro. Polo tanto, a potencia máxima de entrada dos circuitos balastro-lámpada para un tipo de balastro determinado defínese como a potencia máxima do circuito balastro-lámpada, con distintos niveis para cada potencia de lámpada e para cada tipo de balastro.

Os termos empregados neste anexo corresponden ós definidos na Norma Europea EN 50294 do Comité Europeo de Normalización Electrónica, de decembro de 1998.

ANEXO III

Primeira fase

(Ata cinco anos despois da entrada en vigor deste real decreto)

Categoría de balastro	Potencia de lámpada		Potencia máxima de entrada dos circuitos balastro-lámpada
	50 Hz	HF	
1	15 W	13,5 W	25 W
	18 W	16 W	28 W
	30 W	24 W	40 W
	36 W	32 W	45 W
	38 W	32 W	47 W
	58 W	50 W	70 W
	70 W	60 W	83 W
2	18 W	16 W	28 W
	24 W	22 W	34 W
	36 W	32 W	45 W
3	18 W	16 W	28 W
	24 W	22 W	34 W
	36 W	32 W	45 W
4	10 W	9,5 W	18 W
	13 W	12,5 W	21 W
	18 W	16,5 W	28 W
	26 W	24 W	36 W
5	18 W	16 W	28 W
	26 W	24 W	36 W

Categoría de balastro	Potencia de lámpada		Potencia máxima de entrada dos circuitos balastro-lámpada
	50 Hz	HF	
6	10 W	9 W	18 W
	16 W	14 W	25 W
	21 W	19 W	31 W
	28 W	25 W	38 W
	38 W	34 W	47 W

Cando un balastro estea destinado a unha lámpada que se atopa entre dous valores indicados no cadro anterior, a potencia máxima de entrada do circuito balastro-lámpada calcularase mediante interpolación lineal entre os dous valores de potencia máxima de entrada correspondentes ás dúas potencias de lámpada máis próximas indicadas no cadro.

ANEXO IV

Segunda fase

(A partir do 5.º ano, contado desde o día seguinte ó da entrada en vigor deste real decreto)

Categoría de balastro	Potencia de lámpada		Potencia máxima de entrada dos circuitos balastro-lámpada
	50 Hz	HF	
1	15 W	13,5 W	23 W
	18 W	16 W	26 W
	30 W	24 W	38 W
	36 W	32 W	43 W
	38 W	32 W	45 W
	58 W	50 W	67 W
	70 W	60 W	80 W
2	18 W	16 W	26 W
	24 W	22 W	32 W
	36 W	32 W	43 W
3	18 W	16 W	26 W
	24 W	22 W	32 W
	36 W	32 W	43 W
4	10 W	9,5 W	16 W
	13 W	12,5 W	19 W
	18 W	16,5 W	26 W
	26 W	24 W	34 W
5	18 W	16 W	26 W
	26 W	24 W	34 W
6	10 W	9 W	16 W
	16 W	14 W	23 W
	21 W	19 W	29 W
	28 W	25 W	36 W
	38 W	34 W	45 W

Cando un balastro estea destinado a unha lámpada que se atopa entre dous valores indicados no cadro anterior, a potencia máxima de entrada do circuito balastro-lámpada calcularase mediante interpolación lineal entre os dous valores de potencia máxima de entrada correspondentes ás dúas potencias de lámpada máis próximas indicadas no cadro.

17870 REAL DECRETO 956/2002, do 13 de setembro, polo que se aproban as substancias que poden engadirse para fins de nutrición específicos nos preparados alimenticios destinados a unha alimentación especial (dietéticos). («BOE» 221, do 14-9-2002.)

O Real decreto 2685/1976, do 16 de outubro, aprobou a regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio dos preparados alimenticios para réximes dietéticos ou especiais, normativa que foi modificada polo Real decreto 1809/1991, do 13 de decembro, que incorpora ó noso ordenamento xurídico a Directiva 89/398/CEE, do 3 de maio, relativa ós produtos alimenticios destinados a unha alimentación especial.

Na directiva mencionada, no punto 2 do artigo 4, establécese que se adoptará unha lista de substancias con finalidade nutritiva especial, tales como vitaminas, sales minerais, aminoácidos e outras substancias que se poidan engadir ós produtos destinados a unha alimentación especial, así como os criterios de pureza que lles son aplicables e, se é o caso, as condicións para o seu uso.

A Comisión Europea, en cumprimento do citado punto 2 do artigo 4 da Directiva marco, adoptou recentemente a Directiva 2001/15/CE, do 15 de febreiro, sobre substancias que poden engadirse para fins de nutrición específicos en alimentos destinados a unha alimentación especial.

Tal e como expón a directiva nos seus considerandos, estas substancias nutritivas non se poden definir como un grupo preciso e tampouco se pode establecer, polo momento, unha lista exhaustiva de tódalas categorías de substancias nutritivas que poden engadirse ós alimentos destinados a unha alimentación especial. É por iso polo que a directiva fai unha elección o máis ampla posible de substancias nutritivas que se poden utilizar sen perigo na elaboración de alimentos destinados a unha alimentación especial.

A elección de substancias baséase, en primeiro lugar, na súa seguridade, despois na súa dispoñibilidade para uso humano e, finalmente, nas súas características organolépticas e tecnolóxicas. A inclusión na lista de substancias que poden utilizarse na elaboración de alimentos destinados a unha alimentación especial non significa que a súa incorporación nos devanditos alimentos resulte necesaria ou conveniente.

Ademais, identificáronse algúns elementos nutritivos concretos ou os seus derivados como especificamente necesarios para a elaboración dalgúns alimentos do grupo dos alimentos destinados a usos médicos especiais. A súa utilización só está permitida para a elaboración de tales produtos.

Por outra parte, o Real decreto 72/1998, do 23 de xaneiro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria específica dos preparados para lactantes e preparados de continuación, e o Real decreto 1446/2000, do 31 de xullo, que o modifica, recollen as disposicións relativas á lista de substancias nutritivas que poden utilizarse na elaboración dos devanditos preparados. O Real decreto 490/1998, do 27 de marzo, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria específica dos alimentos elaborados a base de cereais e alimentos infantís para lactantes e nenos de curta idade, e as súas modificacións, a Orde do 14 de xullo de 1999 e o Real decreto 1445/2000, do 31 de xullo, establecen as normas relativas á lista de substancias nutritivas que poden utilizarse para a elaboración dos devanditos alimentos. Polo tanto, non se ven afectadas por este real decreto.

Dentro das substancias que se establecen neste real decreto, algunhas poden ser utilizadas como aditivos nos

productos alimenticios. Neste contexto, xa se adoptaron e se seguirán adoptando a escala comunitaria e nacional os criterios de pureza correspondentes ás devanditas substancias, de conformidade coa Directiva 89/107/CE do Consello, do 21 de decembro de 1988, relativa á aproximación das lexislacións dos estados membros sobre aditivos alimentarios autorizados nos produtos alimenticios destinados ó consumo humano e a súa modificación pola Directiva 94/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de xuño, traspostas ó noso ordenamento interno polo Real decreto 1111/1991, do 12 de xullo, polo que se modifica a regulamentación técnico-sanitaria de aditivos alimentarios, aprobada polo Real decreto 3177/1983, do 16 de novembro.

Ata que se adopten a escala comunitaria ou nacional os criterios de pureza correspondentes ó resto de substancias e para garantir un nivel elevado de protección da saúde pública, aplicaranse criterios de pureza considerados aceptables e recomendados por organizacións ou axencias, entre as que se inclúen JECFA (Comité conxunto de expertos FAO/WHO sobre aditivos alimentarios) e EUP (Farmacopea Europea).

Mediante esta disposición que se dicta ó abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución española, e de acordo co establecido nos artigos 40.2 e 40.4 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, procédese a incorporar-la Directiva 2001/15/CE, do 15 de febreiro, sobre substancias que poden engadirse para fins de nutrición específicos en alimentos destinados a unha alimentación especial, ó noso ordenamento xurídico.

Na elaboración deste real decreto foron oídos os sectores afectados, e emitiu o preceptivo informe da Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo, de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Ciencia e Tecnoloxía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de setembro de 2002.

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto establece a lista de substancias que poden engadirse para fins de nutrición específicos ós alimentos destinados a unha alimentación especial (dietéticos) regulados polo Real decreto 2685/1976, do 16 de outubro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria sobre preparados alimenticios para réximes dietéticos ou especiais.

2. Este real decreto non será de aplicación ós preparados para lactantes e preparados de continuación, así como tampouco ós alimentos elaborados a base de cereais e alimentos infantís para lactantes e nenos de curta idade sans.

Artigo 2. *Condicións de uso.*

1. A utilización das substancias enumeradas no anexo desta norma para a elaboración dos produtos alimenticios destinados a unha alimentación especial deberá axustarse ós requisitos fixados nas correspondentes regulamentacións técnico-sanitarias específicas que regulan os produtos nos que se vaian utilizar.

2. Poderán utilizarse substancias engadidas para fins de nutrición específicos que non pertencen a ningunha das categorías enumeradas no anexo deste real decreto, cando dean lugar a unha elaboración de produtos seguros que satisfagan as necesidades nutritivas particulares das persoas para as que se destinan, tal e como estean establecidas por datos científicos refe-